

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS CANDO ESES SERVIZOS E SUMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS.

Artigo 1º- FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e de conformidade co que se dispón nos artigos 15 ó 20 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, este concello establece a taxa polos servizos de distribución de auga incluídos os dereitos de enganche de liñas, colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, por servizos ou subministros prestados polo concello.

Artigo 2º- FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de distribución de auga incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas.

Artigo 3º- SUXEITOS PASIVOS.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refiren o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais emprazados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou, mesmo, de precario.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas e locais, que poderá repercutir, se é o caso, nas cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

Artigo 4º- RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo. 5- COTA TRIBUTARIA. BASE IMPOÑIBLE. TARIFA:

1- TARIFAS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO.

Ano 2005

Mínimo trimestral: 24 m ³ /tr X 0,286 € m ²	6,864 €/ab.trim.
Mínimo de consumo: 24 m ³ /trim.	0,286 Eur/m ³
1º bloque: máis de 24 a 30 m ³ /trim.	0,328 Eur/m ³
2º bloque: máis de 30 a 40 m ³ /trim.	0,413 Eur/m ³
3º bloque: máis de 40 m ³ /trim.	0,465 Eur/m ³ .

2- COTA DE CONSERVACIÓN DE CONTADORES.

Cota mensual 0,370 Eur/ab.

3- ACOMETIDAS DE ABASTECIMENTO.

Realízase o cálculo para a acometida normal de 5,00 m. de lonxitude máxima (1 a 5 m).

MATERIAIS

- Collarín de toma
- Enlaces
- Tubaría de P.E: 1 a 5 m.
- Chave de paso
- Tapa de fundición de 15 X 25

OBRA CIVIL

- Arqueta para colocación de tapa de 15 X 25
- Lonxitude de gabia: 1 a 5 m (apertura, peche e reposición de pavimento).

(Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabia).

Prezo en euros:

<u>O Acometida</u>	<u>Terra(A)</u>	<u>Asfalto(B)</u>	<u>lastro-beirarrúa (C)</u>
fl“	151,97 €	195,59 €	232,94 €
1”	165,35 €	209,41 €	245,56 €
1 fi”	198,91 €	242,69 €	279,59 €
2 “	236,71 €	279,59 €	316,93 €

Incremento no prezo da acometida para lonxitudes superiores a 5 m.

<u>Acomet. de máis de 5 mts.</u>	<u>fl”</u>	<u>1”</u>	<u>1 1/2”</u>	<u>2”</u>
A.-Incremento € por m.	7,13	8,37	11,92	20,00
B.- Incremento € por m	15,71	16,94	20,50	28,57
C.-Incremento € por m.	18,90	20,06	23,65	31,69

4- CONTADORES.

4-1 Instalación en batería de contadores ou similar.

- Contador de 13 mm.
- Válvula antirretorno.
- Pezas de conexión:

TOTAL.....62,12 € unidade.

4-2 Contador diámetro superior a 13 mm.

Farase presuposto para cada caso.

4-3 Tarifa de contadores (sen colocación).

TARIFA DE CONTADORES

(Sen colocación)

Ø 13 mm	46,26 € unidade
Ø 15 mm	51,03”
Ø 20 mm	62,29”
Ø 25 mm	101,46”
Ø 30 mm	141,83”
Ø 40 mm	219,93”
Ø 50 mm	480,38”
Ø 65 mm	595,52”

5- XESTIÓN DE COBRO A IMPAGADOS.

-Cobro ós aboados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pagamento: 3,34 € ud.

6- FIANZAS DE ALTA NOS CONTRATOS DA AUGA.

- Subministros domésticos ou comerciais 26,00 €/alta.

- Para subministros industriais ou de obra 55,71 €/alta.

7- DESPRECINTADO DE CONTADOR.

Por desprecintado de contador 25,46 €/ud.

8- CONEXIÓN Á REDE DE ABASTECIMENTO E PRECINTADO DE RACORES.

Por conexión á rede e precintado dos racores de contadores non colocados polo persoal de servizo 25,46 €/ud.

Todos os prezos veranse gravados co IVE correspondente.

Artigo 6º- EXENCIÓN E BENEFICIOS FISCAIS.

Gozarán de exencións aquelas persoas cuns ingresos familiares que non acaden o salario mínimo interprofesional, e se encontren en situación de necesidade, despois de ser informados polos servizos sociais do Concello.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados e/ou acordos internacionais.

Artigo 7º- DEVENGO.

Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír desde o momento en que se inicia a prestación do servizo, e realizarase a súa facturación e cobro con carácter trimestral.

Artigo 8º- INFRACCIÓNS E SANCIONES.

Nesta materia estarase ó que se dispoña na *Lei xeral tributaria*.

Artigo 9º- NORMAS DE XESTIÓN.

- As persoas ou entidades interesadas na prestación do servizo deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para que se solicita.
- En caso de vivendas ou edificios de nova construción, deberán obter previamente a correspondente licenza de primeira ocupación.
- Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado.
- Cando remate a necesidade do servizo, por cambio de propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos responsables formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirá efecto no trimestre natural seguinte ó da súa presentación. A non presentación de baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

Artigo 10º-

No que se dispón nesta ordenanza, aterase ó que se establece na *Lei xeral tributaria*.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Concello Pleno na sesión celebrada o día 27/11/98, entrará en vigor a partir da súa publicación definitiva no *BOP*, será de aplicación a partir do 1/1/1999 e permanecerá en vigor ata a súa derogación ou modificación expresa.

Esta ordenanza foi modificada no artigo 5 e esta modificación, xa introducida neste texto, e publicado no *Boletín Oficial da Provincia*, do 1 de abril do 2005, entrou en vigor a partir desta publicación e será de aplicación a partir do 1-1-2005, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.